

Somos a curta!

Bases do VIII Somos a curta! Premio de cinema do real en galego

Facultade de Ciencias da Comunicación
Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Obxectivos

1. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC convoca o **VIII Premio de pezas audiovisuais curtas de cinema do real «Somos a curta!»** cos seguintes obxectivos:
 - Promover o uso do galego como vehículo para a creatividade dos novos valores do audiovisual galego.
 - Premiar os dotes lingüísticos, técnicos e artísticos dos estudantes galegos.
 - Promover a análise da realidade galega a través do audiovisual.

Participantes

2. Poderá concorrer a este concurso calquera estudante que nalgún momento durante o ano 2019 ata o remate do prazo de inscrición neste certame (11 de outubro) estea cursando estudos en calquera das universidades galegas e ou nas titulacións impartidas nas Escolas Oficiais de Imaxe e Son
3. Para participar deberá presentar unha peza audiovisual breve de cinema do real en lingua galega.
4. Cada autor/a ou director/a (en diante, autor/a) poderá presentar unha soa obra, individualmente ou en equipo, pero poderá participar en calquera outra peza que presente outro/a autor/a ou director/a.

Características das pezas

5. A temática das pezas é libre, sempre dentro do marco do cinema do real ou da non ficción. Non poderán ter sido premiadas noutros concursos.
6. Os autores/as son os únicos responsables do contido das pezas entregadas.
7. As pezas terán unha duración máxima de 10 minutos, incluíndo os créditos.
8. A organización non facilitará ningún tipo de material para a elaboración das pezas.

Presentación

9. A inscrición no certame poderase realizar **ata o 11 de outubro** de 2019. A inscrición consistirá na achega da peza que se presente e mais dos datos requiridos consonte se especifica a seguir.
10. As obras presentaranse en formato DVD (PAL, 4:3 ou 16:9 -en AVI codificador

MPEG4 (Divx, Xvid), audio MP3-. **Non se aceptarán traballos noutros formatos.** As obras NON poderán ter liñas de crédito nesta primeira fase do concurso para impedir ao xurado coñecer a identidade dos/as participantes. Unha vez decididas as curtas gañadoras, a organización poderá poñerse en contacto co/as autores/as para que inclúan os créditos.

11. A inscrición poderá realizarse dos seguintes xeitos:

a) Mediante un sobre dirixido á presidenta da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, que conterá tres dvd con cadansúa copia da peza e un sobre máis pequeno, pechado, coa folla de datos. O título da peza figurará tanto no exterior do sobre como nos tres dvd.

A folla que debe ir no sobre pequeno conterá os datos persoais do autor/a (nome, nif, enderezo postal, número de conta bancaria –con 20 díxitos-, teléfono, correo electrónico) e os datos do proxecto (título, descrición, ficha técnica). Utilizarase unha folla de datos por cada autor/a participante.

O alumnado alleo á USC deberá achegar, igualmente, unha fotocopia ou unha copia dixital do DNI do autor/a e un xustificante da antedita condición de estudante no ano 2019.

b) A través das plataformas Office365 (todo o alumnado da USC dispón dunha conta institucional) e WeTransfer, mediante un correo que comparta a ligazón ao arquivo da peza e coa opción de permitir a edición desactivada, dirixido ao enderezo <cc.comunicacion.decanato@usc.gal>.

Ademais do arquivo da peza, cuxo nome debe corresponder na medida do posible co da propia peza e non conter ningún tipo de identificación das persoas autoras, achegárase un arquivo en formato pdf cos datos persoais do autor/a (nome, nif, enderezo postal, número de conta bancaria –con 20 díxitos-, teléfono, correo electrónico) e os datos do proxecto (título, descrición, ficha técnica). O nome dese arquivo será tamén o da peza. Utilizarase unha folla de datos por cada autor/a participante e engadírase unha numeración ao título (1_titulodapeza, 2_titulodapeza...).

O alumnado alleo á USC deberá achegar, igualmente, unha copia dixital do DNI do autor/a e un xustificante da antedita condición de estudante no ano 2019.

12. O Decanato da Facultade de Ciencias da Comunicación trasladará os vídeos ao xurado coas medidas necesarias para garantir o anonimato das persoas autoras. Así mesmo fará as comprobacións necesarias sobre a identidade e a condición de estudantes no ano 2019 do alumnado da USC.

Selección, xurado e premios

13. O 17 de outubro de 2019 a comisión organizadora fará pública a relación dos títulos presentados e admitidos/as no concurso, a composición do xurado do certame, así como calquera outro extremo que xulgue de relevo, nos taboleiros do centro, no perfil do Facebook da CNL e na páxina web do SNL.
14. A Comisión de Normalización Lingüística poderá realizar unha preselección, no caso de haber moitas propostas a concurso, de cinco títulos finalistas.
15. O xurado, composto por membros da comunidade universitaria, valorará a calidade da lingua, a orixinalidade, o tratamento do tema e a profundidade da análise socio-política e a calidade formal das pezas.

16. O 6 de novembro de 2019, no Salón de actos da Facultade de Ciencias da Comunicación celebrárase un evento –se existen peza abondas participantes- en que, logo da presentación e exhibición ao público das pezas presentadas ao concurso, o xurado outorgará os dous premios do certame, dotados con **500€ e 250€**, respectivamente, e diploma honorífico.
17. O premio pode ser declarado deserto. Tamén existe a posibilidade de outorgalo a varios traballos *ex aequo*; neste caso, o importe repartirase a partes iguais.
18. Así mesmo, haberá un **premio do público**, decidido por votación durante o transcurso do evento, dotado con diploma honorífico.
19. De non existiren peza abondas participantes, o evento non se celebrará, anularase o premio do público, a USC comunicará publicamente o ditame do xurado e farase un acto de entrega de premios aos participantes no Decanato da Facultade.

Condicións

20. As pezas entregadas pasarán a formar parte do catálogo da Facultade de Ciencias da Comunicación para todos os efectos. A USC terá o dereito de difundir os traballos presentados con fins de promoción do certame e normalizadores durante dous anos. No caso de que pasados eses dous anos, o/a autor/a desexe recuperar os dereitos de difusión da súa obra, deberá notificalo ao SNL da USC.
21. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o cal comunicará nos taboleiros da Facultade de Ciencias da Comunicación e no web do SNL.
22. A publicación das pezas farase baixo licenzas Creative Commons que obriguen a especificar a autoría e eviten obras derivadas e finalidades comerciais.
23. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.